



Agustín Fernández Paz, cando neno, diante do mapa escolar que alentaba as súas aventuras.

Fernández Paz volve bañarse nas augas do río Madalena

► O escritor vén de publicar 'O rastro que deixamos', un recompilatorio de escritos baseados na memoria e no que a súa Vilalba natal é un escenario destacado para a literatura que o converteu no máis lido

JAUREGUIZAR

✉ sjareguizar@elprogreso.es

LUGO. A mocidade en Vilalba non se mide por anos, senón por muíños. O río Madanela rodea a vila nunha aperta que nunca dá pechado, polo que os veciños aproveitaron para ubicar muíños: Os Novos, Os Pasos, O Rañego e Os Freires. Os nenos aproveitaban o lecer do verán para bañárense nos Novos. Logo de cambiárlles a voz, obtiñan o permiso dos maiores para frecuentar Os Freires nas tardes de calor.

Agustín Fernández Paz aprendeu a nadar no río, algo que prepara para a vida, porque se consegue manterte a frote sen axuda do sal mariño tes avanzado grandes pasos na madurez.

O escritor, que amosa parte do baúl familiar no libro 'O rastro que deixamos' (Xerais), acode todas as mañás nas que está na vila a ler o xornal no bar que fica enfronte da casa da súa irmá, nos límites de Vilalba. Uns vinte metros máis aló, na estrada que vai en dereitura cara a Lugo, empezan As Fontiñas. Os límites son indistinguíbles para un foráneo, pero Agustín parece ver mesmo unha fronteira física «nos xulgados». Nos anos 50 e 60, As Fontiñas estaba estruturada por unha estrada nacional e delimitada por bidueiras. A ambas as beiras estaba o seu mapamundi: a primeira casa, a que ocupa-

A reliquia Manchas de sangue en 'Cien años de soledad'

Autor de máis de cento e medio de novelas e ensaios comenta divertido que «ás veces» todos estaban na casa lendo, «os pais e os tres fillos». Especialmente lector era o proxenitor de Agustín Fernández Paz, quen «chegaba da carpintería e collía o libro, de xeito que sentaba con el na mesa tendo que escoitar a rifa da miña nai». Tan feroz era a súa paixón pola letra impresa que Fernández Paz aínda conserva «un exemplar de 'Cien años de soledad' con manchas de sangue», porque o pai estaba lendo «no momento que morreu de leucemia».

O mar de Foz

O pai do escritor era trompetista na orquesta Mato, polo que era bastante habitual que o cativo Agustín fose canda el para asistir ás noites de ensaio, dúas veces á semana. «Ás veces, acompañábao cando ía tocar se era nalgún baile de tarde. Unha vez acompañeiño a Foz. Levoume ata o mar e convidoume a beberlo. Fixen unha cunca coa man... ese foi o meu primeiro mar».

ron máis tarde, a carpintería da familia, as casas dos curmáns... «A Vilalba íamos a escola, a misa e ao cine. O resto do tempo pasábamolo nas Fontiñas, xogando nas leiras ou na estrada, ao fútbol ou a billarda».

Fernández Paz está moi enfadado «con certo alcalde, de cuyo nombre no quiero acordarme». A facilidade na concesión de permisos de construción obriga ao novelista «a facer esforzos coa memoria» para recuperar o campo de manobras infantís, onde as casas estaban feitas en pedra, se presentaban aos paseantes con galerías brancas e non se erguían por riba dos tres andares.

A configuración urbana obrigao a forzar os recordos porque os edificios teñen uns volumes caprichosos e disparatados. No Campo da Feira chega a exasperarse recreando coa palabra «o soto centenario que alguén mandou cortar e estrar con cemento crenndo que traía o progreso». Cando contempla o fondo da praza pasando a man en horizontal por un 'skyline' regresando medio século atrás, o peito éntralle en bulición. Logou pouca, convencéndose de que aquelas casas harmoniosas non volverán, coma el non volverá bañarse no Madanela porque o corpo vaise negar.

Por unha diagonal da praza, xunto «á tenda dos Marios», está

Fernández Paz volveu por uns días á Vilalba da infancia. CRISTINA PÉREZ



À dereita, os pais do escritor. Á esquerda, cuns amigos entre os que figura Bernardo García Cendán.



A Pravia, unha pradaira que ten tanto tamaño coma historia. Cruzando ao seu carón, o novelista indica A Torre dos Andrade, ao que se refire como A Torre ou O Castelo. Un espazo «inaccesible porque estaba gardado por casas adosadas», no que lles fascinaban as ducias que corvos negros que o sobrevoaban. A lenda local, a narración que usaban os maiores para facheirar diante dos nenos, era O Corvo Branco. «Eles sempre nos dicían que o viran e nós, por máis que erguíamos os ollos cara ás almeas, nada», apunta.

Fronte a esa fortificación ábrese a praza de Santa María, «que para nós era a praza da Igrexa». Era o campo de xogos, outro máis, tras o catecismo dos xoves e os domingos. Tamén era a fiestra á marabilla pois alí estaba a mercería A Fiúnza, «aínda que cambiou de local». As cores todas do arco da vella cabían no seu mostrador de fios.

Na outra banda da ágora sinala unha casa soberbia e anciá, que é das que se conserva. Non se conserva o seu amigo, o fillo do barbeiro, Bernardo García Cendán. O sociólogo era un exemplo da nutrida cohorte de ilustres vilalbeses, entre os que Fernández Paz quita brillo ao nome de Lois Peña Novo. «Para un que tivemos de esquerdas...», alega en referencia ao político e escritor.

Agustín sente un orgullo de clase por ser «un fillo de traballador que logrou unha titulación». «Dei revertido o meu destino, que era traballar na carpintería de Xan do Grande, que montou o meu avó. Alí acabaron empregados os fillos e varios netos».

As boas calificacións que lle deron os 'dons' —dona Mercedes, don Celestino, don Lorenzo e don Félix— na escola —onde se atopa a consistorial— aupárono ata unha bolsa de estudos no Laboral de Xixón. Marchou con 13 anos.

Durante oito cursos fixo mestría industrial e mesmo deu entrada no corpo de elite: «Os estudantes de peritaxe industrial, que eramos un dez por cento, tiñamos habita-

A paixón «É ridículo mirar para este cine de agora»

Dende hai décadas, Agustín Fernández Paz organiza a súa sesión de cinema na casa de Vigo para as dez da noite. Ese rito correspóndese cunha paixón predeu nel na infancia, cando empezou a frecuentar as salas da Vilalba natal e quedou fascinado pola sétima arte. Paseando agora pola vila, párase diante dun edificio con grandes cartelóns, coma aqueles que anunciaban as grandes producións do cinema clásico, aínda que agora soamente se laie: «É ridículo mirar este cine», asegúra ollando un edificio de nova fábrica e de varios andares no que se convida a facerse coas últimas ofertas e oportunidades en pisos. O escritor explica que alí estaba o Cine Vilalbés.

Columba

Unha boa sesión de celuloide prestaba máis se fa animada por pipas, manises ou lambetadas. Perto da sala, lembra o novelista, «estaba a tenda de Columba».

Auditorio

Non mellor sorte correu outro dos espazos preferidos de Agustín, o Cine Parroquial. «O cura decidiu facerlle a competencia ao do Cine Vilalbés para amosar unhas películas que el entendía como máis acordes coa fe e, para nós, foi estupendo porque aumentou a oferta», sinala o autor.

1953

Fernández Paz aínda lembra nidamente a película coa que o sacerdote que promoveu o Cine Parroquial boutou a andar a nova dotación para a linguaxe en fotografías: 'La túnica sagrada'. Trátase dunha película, engade, que fora estreada en España no ano 1953 canda o cinematógrafo.

ción propia». Esa sensación poderosa de altas cotas pisadas malia partir de abaixo non foi abonda para non sentirse incómodo «con asignaturas como unha de control dos tempos que os obreiros debían de tardar en producir unha peza». Daquela, «escribínlle ao meu pai para avisar de que deixaba os estudos. El, sensatamente, contéstoume que o meu destino era a carpintería. Convenceume».

Fuxindo desa carta marcada, escapou a Barcelona «que daquela era un paraíso para o traballo; entrabas en calquera bar e había unha chea de ofertas». Empezouse nunha fábrica de montaxe de reloxos Omega. «Eu tiña as miñas ideas e non lle dixen ao xerente que era enxeñeiro técnico industrial. Pouco tardou en darse de conta dos meus coñecementos e en facerme o seu segundo».

O cantante Miro Casavella foi o anfitrión para coñecer unha cultura tan poderosa coma a que lle aprenderon os 'dons' en Vilalba, pero moito máis na vangarda. Un dos ámbitos que coñeceu foi o da educación. «Nos veráns de cando estaba na Laboral volvía a Vilalba, onde daba clases particulares para gañar algo de cartos e gustábame».

A vocación docente predeu definitivamente grazas a libros de pedagogía avanzada para o tempo e desembocou nua profesión que o devolveu a Galicia, a Vigo. Agora, xubilado, non hai guía máis ameno e documentado de varias décadas de Vilalba. Agustín detense diante de cada casa que aínda se mantén en pé dende o pasado para contar unha anécdota.

«Deixei de bañarme no río con 32 anos. Cando tes 18 anos non che importa o frío, pero o corpo cambia», excúsase. Agustín é consciente de que o Madalena no que se bañaba e pescaba co seu irmán falecido aos 18 anos non leva as mesmas augas. Sabe que de nós queda o rastro que deixan os peixes cando esvaran nas palmas ao tratar de apreixalos, que a Vilalba que tanto ama soamente fica erguida na súa memoria.

Fernández Paz volve a casa polo Nadal

► O escritor, afincado na provincia de Pontevedra, vén de publicar 'O rastro que deixamos', un recompilatorio de escritos baseados na memoria e no que a súa Vilalba natal é un escenario destacado para a literatura que o converteu no máis lido

JAUREGUIZAR

LUGO. A mocidade en Vilalba non se mide por anos, senón por muíños. O río Madanela rodea a vila nunha aperta que nunca dá pechado, polo que os veciños aproveitaron para ubicar muíños: Os Novos, Os Pasos, O Rañego e Os Freires. Os nenos aproveitaban o lecer do verán para bañárense nos Novos. Logo de cambiarlles a voz, obtiñan o permiso dos maiores para frecuentar Os Freires nas tardes de calor.

Agustín Fernández Paz, afincado en Vigo, aprendeu a nadar no río cando era neno, algo que prepara para a vida, porque se consegue manterte a frote sen axuda do sal mariño tes avanzado grandes pasos na madurez.

O escritor, que amosa parte do baúl familiar no libro 'O rastro que deixamos' (Xerais), acode todas as mañás nas que está na vila a ler o xornal no bar que fica enfronte da casa da súa irmá, nos límites de Vilalba. Uns vinte metros máis aló, na estrada que vai en dereitura cara a Lugo, empezan As Fontiñas. Os límites son indistinguibles para un foráneo, pero Agustín parece ver mesmo unha fronteira física «nos xulgados». Nos anos 50 e 60, As Fontiñas estaba estruturada por unha estrada nacional e delimitada por bidueiras. A ambas as beiras estaba o seu mapamundi: a primeira casa, a que ocuparon máis tarde, a carpintería da familia, as casas dos curmáns, ... «A Vilalba iamos a escola, a misa e ao cine. O resto do tempo pasabámolo nas Fontiñas, xogando nas leiras ou na estrada, ao fútbol ou a billarda».

Fernández Paz está moi enfadado «con certo alcalde, de cuyo nombre no quiero acordarme». A facilidade na concesión de permisos de construción obriga ao novelista «a facer esforzos coa memoria» para recuperar o campo de manobras infantís, onde as casas

estaban feitas en pedra, se presentaban aos paseantes con galerías brancas e non se erguían por riba dos tres andares.

A configuración urbana obrigao a forzar os recordos porque os edificios teñen uns volumes caprichosos e disparatados. No Campo da Feira chega a exasperarse recreando coa palabra «o souto centenario que alguén mandou cortar e estrar con cemento crenndo que traía o progreso». Cando contempla o fondo da praza pasando a man en horizontal por un 'skyline' regresando medio século atrás, o peito éntralle en bulición. Logou pousa, convencéndose de que aquelas casas harmoniosas non volverán, coma el non volverá bañarse no Madanela porque o corpo vaise negar.

FAZER MEMORIA. Por unha diagonal da praza, xunto «á tenda dos Marios», está A Pravia, unha pradaira que ten tanto tamaño coma historia. Cruzando ao seu carón, o novelista indica A Torre dos Andrade, ao que se refire como A Torre ou O Castelo. Un espazo «inaccesible porque estaba gardado por casas adosadas», no que lles fascinaban as ducias que corvos negros que o sobrevoaban. A lenda local, a narración que usaban os maiores para fachendear diante dos nenos, era O Corvo Branco. «Eles sempre nos dician que o viran e nós, por máis que erguíamos os ollos cara ás almeas, nada», apunta.

Fronte a esa fortificación ábrese a praza de Santa María, «que para nós era a praza da Igrexa». Era o campo de xogos, outro máis, tras o catecismo dos xoves e os domingos. Tamén era a fiesta á marabilla pois alí estaba a mercería A Fiúnza, «aínda que cambiou de local». As cores todas do arco da vella cabían no seu mostrador de fíos.

Na outra banda da ágora sinala



Fernández Paz volveu por uns días á Vilalba da infancia. CRISTINA PÉREZ

Dei revertido o meu destino, que era traballar na carpintería de Xan do Grande, que montou o meu avó»

unha casa soberbia e anciá, que é das que se conserva. Non se conserva o seu amigo, o fillo do barbeiro, Bernardo García Cendán. O sociólogo era un exemplo da nutrida cohorte de ilustres vilalbeses, entre os que Fernández Paz quita brillo ao nome de Lois Peña Novo. «Para un que tivemos de esquecerdas...», alega en referencia ao político e escritor.

un dez por cento, tiñamos habitación propia». Esa sensación poderosa de altas cotas pisadas malia partir de abaixo non foi abonda para non sentirse incómodo «con asignaturas como unha de control dos tempos que os obreiros debían de tardar en producir unha peza». Daquela, «escribínlle ao meu pai para avisar de que deixaba os estudos. El, sensatamente, contestoume que o meu destino era a carpintería. Convenceume».

Fuxindo desa carta marcada, escapou a Barcelona «que daquela era un paraíso para o traballo; entrabas en calquera bar e había unha chea de ofertas». Empregouse nunha fábrica de montaxe de reloxos Omega. «Eu tiña as miñas ideas e non lle dixen ao xerente que era enxeñeiro técnico industrial. Pouco tardou en darse de conta dos meus coñecementos e en facerme o seu segundo».

O cantante Miro Casavella foille o anfitrión para coñecer unha cultura tan poderosa coma a que lle aprenderon os 'dons' en Vilalba, pero moito máis na vangarda. Un dos ámbitos que coñeceu foi o da educación. «Nos veráns de cando estaba na Laboral volví a Vilalba, onde daba clases particulares para gañar algo de cartos e gustábame».

A vocación docente predeu definitivamente grazas a libros de pedagogía avanzada para o tempo e desembocou nunha profesión que o devolveu a Galicia, a Vigo. Agora, xubilado, non hai guía máis ameno e documentado de varias décadas de Vilalba. Agustín detense diante de cada casa que aínda se mantén en pé dende o pasado para contar unha anécdota.

«Deixei de bañarme no río con 32 anos. Cando tes 18 anos non che importa o frío, pero o corpo cambia», excúsase. Agustín é consciente de que o Madalena non leva as mesmas augas.

Agustín sente un orgullo de clase por ser «un fillo de traballador que logrou unha titulación». «Dei revertido o meu destino, que era traballar na carpintería de Xan do Grande, que montou o meu avó. Alí acabaron empregados os fillos e varios netos».

As boas calificacións que lle deron os 'dons' —dona Mercedes, don Celestino, don Lorenzo e don Félix— na escola —onde se atopa a consistorial— aupárono ata unha bolsa de estudos no Laboral de Xixón. Marchou con 13 anos.

Durante oito cursos fixo mestría industrial e mesmo deu entrada no corpo de elite: «Os estudantes de peritaxe industrial, que eramos